

Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2012

DENDE A
BIBLIOTECA
ESCOLAR
"PAULA
CARBALLEIRA"



2º CICLO E.PRIMARIA

PENSANDO
"NESA"
CARTA, CORREO
ELECTRÓNICO, SMS,
WHATSAPP ...

que tod@s pensades escribir ...



... a todo ser capaz de manter a máxica xenerosidade dun agasallo nestes tempos tan difíciles, pois de novo

suxerencias para pedichonear, pensando que se vos poñedes de acordo cos/as amiguet@s, logo podeades compartir:


• **Malos tempos para os fantasmas-A.Fernández Paz-Xerais:**

Na casa onde vai vivir Marta á cidade, habita un fantasma co que se comunica mediante o ordenador. Fan, o fantasma, precisa axuda.Poderá Marta desfacer a maldición que o condena?



• **Bandada-MºJ.Díaz-Kalandraka:**

A vida das aves cambia cando emprenden o camiño do progreso, o benestar e o porvir. Un cambio no que non todo será como agardaban.



• **Casas-Paula Carballeira -Tambre:** 20 casas diferentes, cada unha co seu propio humor, co seu propio ser,as que viaxan,as de ladrillo,con patas.Hai que levarse ben con elas.E é que non hai nada coma...volver á casa.

• **Un fogar para Estrela-A.R.Ferrer-Everest:** Os pobos exipcio,romano,grego, guaraní, as respectaban.Pero agora,na vila do norte onde aniñaban, cando as cegoñas chegan ao seu fogar no campanario da vila, atópano destruído. Onde vivirán? Habará quen as axude?



• **Ocultos-X.Gutiérrez-Kalandraka:**Mimetizarse ou camuflarse para sobrevivir, para cazar ou non ser cazados; en todos os entornos,no mar, na neve,nas árbores, na terra...



Papás,mamás,prof@s,avós, avoas e persoas adultas en xeral

• **As leis fundamentais da estupidez humana-C.M.Cipolla-Rinoceronte:**

Para reflexionar, para comprobar,porque tod@s recoñecemos no noso entorno que si, que é o grupo máis poderoso.Dixo alguén:"En dúas palabras : im perdible".



• **Tonas de laranxa-María e Manuel Lorenzo-Xerais:**

Nunha linguaxe fermosa,a xeito de conto,esta historia que son moitas, de amor (tamén alén da morte), fantasía,viaxes,relaxos...o arume de Moreira e os seus habitantes permanecerá no teu maxín moito tempo



• **50 cosas que no soporto de mis hijos adolescentes-A.Galán-Everest:**

Se @ teu/túa primeir@ fill@ está en 5º/6º non podes perderte este libro.Ou se está en infantil e queres ir preparándote.En clave



de humor, sen base científica algunha...pero absolutamente real.Recoñéceste? E ti,que adolescente eras?

E se che gusta a banda deseñada:**Ardalén-M.A.Prado-Patito Editorial,sobre a memoria e a identidade.**

